



**Concello
de Narón**
Promoción Económica

NARÓN
GASTRONÓMICO

CONCURSO DE TAPAS. *ENTROIDO 2014*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o éxito das accións desenvolvidas no marco do programa Narón Gastronómico no ano 2013 e co fin de seguir promocionando a riqueza culinaria naronesa, poñer en valor os seus produtos e dinamizar a economía local, o Concello de Narón convoca o **Concurso de Tapas Entroido 2014**.

PARTICIPANTES

O certame desenvolverase do 27 de febreiro ao 5 de marzo. Nel poderán participar todos os establecementos de hostalería do ámbito municipal de Narón, mediante rigorosa orde de inscrición ata o martes 18 de febreiro de 2014 chamando ao teléfono **981 337 700** (Ext.1204) ou escribindo ao correo electrónico narongastronomico@naron.es. Para participar é necesario dispoñer de todas as licencias oportunas.

REQUISITOS

Os establecementos poderán participar cunha, dúas ou tres tapas que poden ser doces ou salgadas e que se servirán ao público nas datas que dure o concurso, sempre respectando o horario mínimo de 13.00 a 15.30 horas e de 20.00 as 22.30 horas. Os locais que o desexen poderán ofrecer a degustación durante máis tempo. As tapas serán gratuítas.

A cada participante entregaráselle material promocional, folleto informativo, unha urna e tarxetas para que os clientes poidan emitir o seu voto. Se algún usuario presenta unha reclamación por escrito por non estar dispoñible a tapa, o participante será descalificado e desbotado do concurso.

PREMIOS

Establécense 4 premios en total: un de votación popular e tres de votación polo xurado profesional.

Votación Popular:

Este galardón decídeo o público que visite os establecementos durante as datas indicadas, puntuando do 1 ao 5 a tapa degustada e depositando o seu voto nunha urna colocada no mostrador.

O sistema do recuento dos votos emitidos polo público farase mediante a suma de todos os puntos obtidos polo establecemento e tapa (admitíndose só un voto por cada tapa, é dicir, un único voto por cliente e tapa). No caso de que o establecemento hostaleiro ofrezca máis dunha tapa, poderase votar só unha vez por cada unha delas.

Votación polo Xurado Profesional:

Haberá 1º, 2º e 3º Premio de votación polo xurado. O dito xurado será designado pola organización e estará composto por un membro do concello, un crítico gastronómico e un cociñeiro.

O xurado fará a degustación das tapas participantes durante as datas que dure o concurso, valorando de 1 a 5 puntos a presentación, sabor, elaboración e adecuación da creación gastronómica ás festas do Entroido.

Os nomes dos establecementos premiados daranse a coñecer a través da web do Concello.

AGASALLOS

Os agasallos serán os seguintes:

- **Premio Votación Popular:** 300 euros e diploma acreditativo

- **Premios do Xurado Profesional:**

1º Premio. 500 euros e placa.

2º Premio. 300 euros e placa.

3º Premio. 200 euros e placa.

Público participante: Sortearanse 5 ceas para dúas persoas entre o público que participe nas votacións do concurso. A organización porase en contacto telefónico coas persoas que resulten agraciadas.

PROMOCIÓN DO CONCURSO

Todos os participantes deberán colaborar coas accións de promoción que faga a organización.

Todos os establecementos deberán exhibir nun lugar visible o cartel que os identificará como participantes no certame e dispoñer dos cupóns e as urnas para depositar os votos populares.